Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 5 de setembro de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **5 de setembro de 2024, ás 10:35 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Iago Suárez Fernández
Montserrat Valcárcel Armesto
(en substitución de Olalla Rodil Fernández)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro

Propoñente:
Paloma Castro Rey (S)

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as susbstitucións.

Logo da constatación deste, a señora presidenta comunica que o señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, xustifica a súa inasistencia a esta sesión.

Deseguido, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 10304, no que o G.P. dos Socialistas de Galicia solicita o aprazamento da proposición non de lei doc. núm. 1085 (1.3). Aprazamento que se acepta por asentimento.

1.3 1085 (12/PNC-000106)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego co fin de mellorar en Galicia as taxas de incorporación da muller ao traballo e en condicións de calidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

Así mesmo, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en terceiro lugar a proposición non de lei doc. núm. 8883 (1.6) e en cuarto lugar a doc. núm. 3849 (1.5).

A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 536 (12/PNC-000031)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun sistema de información dirixido a profesionais e pacientes sobre os ensaios clínicos que se desenvolven en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, fai uso da palabra en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S**), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

PARLAMENTO DE GALICIA

Nesta mesma rolda a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** anuncia o apoio do seu grupo a esta iniciativa, tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente.

Na rolda de puntualizacións a **señora Amigo Díaz (P),** agradece o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, despois de incidir na importancia da devandita proposición non de lei.

1.2 544 (12/PNC-000035)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun programa específico de apoio á inserción sociolaboral das persoas con discapacidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 10499), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez López, Noelia (P)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén a **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** para explica o sentido da súa emenda, logo de expoñer diversas consideracións sobre a intervención da señora propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes a **señora Longueira Castro, Silvia (S),** xustifica o apoio do seu grupo parlamentario tanto a iniciativa coma emenda.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Pérez López (P)**, comenta as argumentacións dos demais grupos parlamentarios e propón unha transacción co texto resolutivo da PNC orixinaria coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, consistente en substituir "as empresas de inserción" por "centros de iniciativa empresarial".

1.6 8883 (12/PNC-000901)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación coa habilitación dunha ambulancia de apoio no Centro de Saúde de Baltar, no concello de Sanxenxo, cara ao ano 2025, e restituírlle a súa ao Hospital do Salnés
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia, previamente, comunica que o G.P. dos Socialistas de Galicia presentou unha autoemenda de modificación do punto 1 (doc. núm. 10486), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen, tras xustificar a autoemenda, procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición intervén, en primeiro lugar, a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** para amosar o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

En segundo lugar intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, quen expón diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións e xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Castro Rey, Paloma (S),** expón diversas consideracións sobre as razóns de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceira do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

1.5 3849 (12/PNC-000479)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria
Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover entre a mocidade un tempo de lecer orientado a alternativas máis lúdicas, creativas e saudables
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f1, do 22.05.2024

O **señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Longueira Castro, Silvia (S)**, para manifestar que concorda co que se demanda nesta iniciativa de impulso, polo que adianta o apoio do seu grupo.

Nesta mesma rolda a **señora Grueira Fernández, Nicole (P),** explica as razóns polas que o seu grupo non vai apoiar esta proposta, destacando que o que nela se propón non se axusta á realidade.

Na rolda de puntualizacións o **señor Suárez Fernández (BNG**), expón diferentes consideracións sobre o posicionamento manifestado pola voceira do G.P. Popular de

PARLAMENTO DE GALICIA

Galicia, insiste na defensa da súa proposta e agradece o apoio amosado polo G.P. dos Socialistas de Galicia.

1.4 3424 (12/PNC-000435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da concreción no actual período de sesións do anuncio do presidente da Xunta de Galicia relacionado co impulso dun plan de incorporación de psicólogos clínicos na atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda de adición (doc. núm. 10500), e unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 10507), das que obvia a súa dado que se remitiron aos membros da comisión.

A continuación a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se expoñen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En rolda de grupo parlamentario emendante, intervén a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** quen, logo de amosar diversas consideracións e discrepancias coa intervención da señora propoñente, defenden e formulan a súa emenda.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** xustifica o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario e anunciar que non acepta a súa emenda.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 536 (12/PNC-000031), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear un sistema de información que permita a todos os profesionais e pacientes galegos coñecer a totalidade de ensaios clínicos que se están a desenvolver en Galicia co obxecto de poder solicitar, de ser o

PARLAMENTO DE GALICIA

caso, o seu acceso a eles.»

1.2 544 (12/PNC-000035), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación a transacción acadada coa emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 10499), que resulta **aprobada pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Crear un programa específico que apoie o emprendemento das persoas con discapacidade, co obxectivo de mellorar a súa inserción sociolaboral.

Establecer criterios diferenciadores claros entre os centros especiais de emprego de inserción social sen ánimo de lucro e os centros de iniciativa empresarial incrementando o control para evitar o uso fraudulento das fórmulas de economía social.»

1.4 3524 (12/PNC-000435), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega da autoemenda, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.5 3849 (12/PNC-000479), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.6 8883 (12/PNC-000901), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega da autoemenda, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:00 horas.

PARLAMENTO DE GALICIA

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.03 09:57:30 +02'00'

V. e pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.10.03 09:52:25 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión